

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS

ACTA Nº3

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Carlos Mollinedo Lois (CIG), presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG), secretario

M^a José Ríos Santomé (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Paula María González Pérez (CIG)

José Luis Pita Carballo (CIG)

Remedios Lameiro Diéguez (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

M^a Nuria Andión Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Javier Novas Míguez (FOL)

M^a del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)_Deleg Sindical

Raquel Aldrey Río (CCOO)_Delegada Sindical

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 9 de xullo de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións anteriores de 9 de maio e 11 de xuño.
2. Informe de Xerencia.
3. Modificación puntual da RPT. Centros de apoio a investigación.
4. Convocatoria para a execución das OEP 2023 e 2024.

5. Modificación de determinados artigos do Acordo de 2009 sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.
6. Programa piloto de flexibilidade horaria.
7. Rolda de intervencións.

1. Aprobación das actas das reunións anteriores de 9 de maio e 11 de xuño.

Presentadas varias alegacións na acta de 11 de xuño, recóllese e apróbase a dita acta. Tamén se aproba a acta pendente da reunión de 9 de maio.

2. Informe de Xerencia

A Xerenta indica que se deron as instrucións pertinentes ao Servizo de PAS para que se envíe á Xunta PTXAS a información que se solicitou. Continúa explicando as contratacións efectuadas no último mes, incluídos os postos fóra da RPT.

3. Modificación puntual da RPT. Centros de apoio a investigación.

A Xerenta di que non se recibiron alegacións á proposta da xerencia explicada na anterior reunión.

O Presidente da Xunta PTXAS indica que non están de acordo coa proposta. Entenden que a modificación da RPT debe vir acompañada dunha xustificación económica. A creación dunha nova praza A1 non a consideran necesaria con cargo a unha extinción dunha praza porque iso impide contar con esa praza para unha posible negociación da RPT ou OEP . No caso da praza da veterinaria que ten unha responsabilidade, consideran que debe executarse a sentenza como se ten feito noutras ocasións. Finalmente nas prazas A2/C1 solicitan que se lles abone un complemento pola responsabilidade que se lles require fóra do que son as súas funcións.

A Xerenta responde que o réxime laboral é distinto do funcionarial. Neste último, as retribucións van aparelladas a que estean reflectidas na RPT e iso é o que propuxo a xerencia. Hai que enviar á Xunta de Galicia unha proposta de onde se vai sacar o diñeiro, xa que a non se vai autorizar máis masa salarial que a que hai. Estamos plantexando unha proposta racional de ordenación de postos de traballo para o recoñecemento deses complementos.

O Presidente da Xunta PTXAS considera que a praza a extinguir por causa dunha xubilación con eses cartos se pode negociar unha futura RPT.

A Xerenta responde que con eses cartos se está creando outra praza, xa se está a negociar. Se non se fai nada, pérdese o diñeiro xa que a masa salarial e o orzamento son conceptos diferentes. Indica que se enviarán os custes solicitados antes da vindeira reunión.

4. Convocatoria para a execución das OEP 2023 e 2024.

A Xerenta di que non se recibiu ningunha proposta nin de temarios nin de ponderación dos méritos tal e como indicaran na anterior reunión.

Rodrigo Alberte Pivida sinala que se quedara de facer unha comisión para avaliar a gran cantidade de propostas recibidas, e dado que a comisión non tivo lugar e non se produciu un acordo, non se achegou nada.

A Xerenta responde que a negociación do modelo de proceso selectivo está pechada xa que está asinada por todos os sindicatos. O único elemento substancial que pode alterar o peso do concurso é ter que valorar os servizos prestados noutras administracións públicas, e quedárase en valoralos ao 25%. En canto aos temarios, quedaran de mandar algunha modificación puntual sen modificar substancialmente a preparación en condicións de homoxeneidade con outras administracións públicas en razón do grupo profesional ao que se pertence.

Rodrigo Alberte Pivida indica que se recibiron alegacións notorias tanto a partes do temario como a temarios completos, por exemplo de xefes de servizo ou de persoal especialista na materia.

A Xerenta pide que de todas as alegacións que reciban do persoal, fagan súas as que consideren oportunas e as envíen á xerencia para o seu estudo e posterior debate para estimación ou non. Lembra que xa non se está nun proceso de estabilización de persoal senón que é un proceso máis aberto e máis profesionalizado. Pide que non se demore este asunto porque hai que convocar e rematar o procesos antes de fin de ano para que non caduquen as ofertas.

5. Modificación de determinados artigos do Acordo de 2009 sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

A Xerenta salienta que tampouco se recibiron alegacións sobre este tema.

O Presidente da Xunta PTXAS comenta que acordaron que non é necesario facer ningunha modificación do acordo de 2009. Se houbera necesidade puntual e extrema dalgunha lista de agarda poderían chegar a un acordo para a elaboración das listas.

A Xerenta matiza que sempre dentro do Acordo, porque agás modificacións non cabe saírse del.

6. Programa piloto de flexibilidade horaria.

A Xerenta fai a presentación dun programa piloto de flexibilidade no traballo xa que é un tema bastante demandado polos órganos de representación do persoal. O ámbito de aplicación será ao PTXAS excluído o persoal de alta dirección, persoal directivo e persoal que ocupe direccións de área. En relación á xornada de traballo reflectido no documento é o que está recollido na Instrución da Xerencia sobre reordenación de horarios de 2019. En canto á prestación de servizos en réxime de flexibilidade horaria contémpanse dous réximes: réxime xeral e réxime de conciliación. O réxime xeral divídese nunha parte fixa e outra flexible, tendo en conta que a *“parte flexible do horario estará condicionada ás necesidades do servizo, ao horario de funcionamento dos centros de traballo, á garantía de soporte ao funcionamento e o mantemento das unidades funcionais, así como ao horario de atención o público”*. Isto quere dicir que se algún posto de traballo non pode ter flexibilidade horaria hai que identificalo e naqueles casos onde poida haber dificultades haberá que explorar as posibilidades de flexibilidade aínda que non sexan tan xenéricas como nos postos ordinarios. Os postos de traballo de libre designación e outros postos que segundo RPT estean suxeitos a dispoñibilidade horaria, teñen que ter en conta que o principio de dispoñibilidade horaria prevalece sobre o de flexibilidade. Destaca tamén a posibilidade de chegar a certos acordos de flexibilidade que non sigan este réxime porque sexa necesario para o servizo ou así se acorde dentro do servizo para mellorar o seu funcionamento. A adaptación de xornada por motivos de conciliación ten un réxime diferente do réxime xeral ademais de ser unha obriga legal da institución de intentar atender estes supostos. O horario de referencia é o tempo de traballo de apertura e funcionamento do centro de traballo polo que dentro dese horario de referencia a persoa pode flexibilizar sempre que 5 horas sexan realizadas na súa quenda correspondente. Esta flexibilidade debe autorizarse expresamente e atópase subordinada ás necesidades do servizo. Matiza que para evitar alteracións na planificación, a flexibilización non pode supoñer a ausencia durante unha xornada laboral completa. Explica tamén que dentro da flexibilidade cabe a compensación horaria, dentro do tramo de recuperación da xornada. Finalmente

salienta que para poder levar a cabo esta flexibilidade, vai aparellado un rexistro da xornada realizada. Pide que estuden o documento para debatela na seguinte reunión.

José Manuel García Eirín pregunta se vai implementar un plan piloto de flexibilidade e a súa relación co plan piloto de teletraballo.

A Xerenta responde que a flexibilidade horaria plantexa un interese maior que o teletraballo, xa que este último non o poden desenvolver todos os colectivos nin todos os postos por iso o teletraballo obriga a un plan piloto, ademais o teletraballo non supón conciliación en moitos dos casos. A flexibilidade pola contra, aplicarase a todo o colectivo representado pola Xunta PTXAS na medida do posible e só se descartará agás que se demostre que non funciona.

Carmen Veleiro apunta que noutras universidades contan coas dúas medidas: flexibilización horaria e teletraballo porque o tempo de desprazamento ao posto de traballo que se aforra, tamén forma parte da conciliación.

A Xerenta di que neste intre está sen avaliar ao colectivo que está con teletraballo porque aínda non remataron os seis meses dende a súa implantación. Insiste que o teletraballo non se pode aplicar a todo o colectivo PTXAS ademais de que tamén implica que estea implantado un rexistro da xornada. As outras universidades e administracións que contan con teletraballo teñen establecido un rexistro da súa xornada.

Carmen Veleiro indica que seguindo recomendacións da CRUE no teletraballo debería tender a avaliar obxectivos e non controlar o horario do persoal.

A Xerenta lembra que somos unha administración pública e que temos que ser capaces de demostrar tanto os obxectivos como o cumprimento da xornada. Pide que analicen o documento para debater na seguinte reunión.

Carmen Veleiro pregunta se a xerencia estaría disposta á extensión do plan piloto de teletraballo se se define a que postos afecta.

A Xerenta responde que podería estar aberta a unha extensión do programa piloto de teletraballo.

7. Rolda de intervencións.

O Presidente da Xunta PTXAS pide as sentenzas do persoal de apoio á investigación.

A Xerenta responde este persoal pertencente ao ámbito do apoio á investigación son PTXAS de convenio colectivo polo que as sentenzas non son competencia deste órgano de representación. En calquera caso quere deixar claro que non se está diminuindo o orzamento do PTXAS para executar esas sentenzas.

Nuria Andión expresa o desacordo de toda a Xunta PTXAS co horario das tres persoas contratadas pola apertura nocturna das bibliotecas. No horario reducido están contratados por tres horas coa perda dunha hora de nocturnidade e unha diminución importante nas retribucións.

A Xerenta toma nota do indicado e di que tratará de estudarse con detemento para o mes de outubro.

José Manuel García Eirín lembra que na reunión de acción social, en relación co tema das exencións na matrícula, comentouse que se ía publicar na web do servizo de axudas o procedemento para evitar confusións.

A Xerenta responde que ten que comprobar se o Servizo de Axudas e Bolsas publicou esa aclaración.

José Manuel García Eirín di que no proceso de promoción interna de Conserxe nos certificados emitidos polo Servizo de PAS non figuran os servizos prestados no Grupo V co argumento de que na convocatoria non se especifica. En outra ocasión que xa sucedeu isto, o persoal dirixiuse ao Tribunal para que se certificaran eses servizos e nesta ocasión pide que sexa a xerencia a que dea as indicacións pertinentes para que se reflectan.

A Xerenta di que non se inmisce na labor dos tribunais, nin sequera a darlles criterio. Débese favorecer a labor dos órganos colexiados e polo que debe manterse ao marxe.

José Manuel García Eirín lembra á necesidade que sacar o concurso de méritos nas subescalas de Microscopía Electrónica, Análise Instrumental e Transporte e Distribución xa que como son prazas de responsabilidade o normal é ofrecelas ao persoal fixo por medio dun concurso.

A Xerenta di que o ten moi presente. Despois de revisar todas as categorías das convocatorias entende que hai que convocar o concurso de méritos antes de ofertar os destinos ás persoas que superen os procesos selectivos, aínda que despois a toma de posesión sexa simultánea.

Federico Fernández fai mención á acción formativa sobre Administración dixital que se fai só en xornada de mañá. As persoas con quenda de tarde teñen que adaptarse aos horarios de mañá.

Pablo Álvarez di que isto non é a primeira vez que pasa, e non só pasa co persoal de conserxería senón tamén de biblioteca. Indica que o persoal que dá a formación debería adaptarse ás quendas do persoal ao que se dirixe a dita formación.

A Xerenta responde que ás veces non é fácil organizar un curso para tres ou cinco persoas porque hai que contar coa dispoñibilidade do profesorado. Entende que o persoal de tarde queira facer o curso na súa quenda polo que recolle a petición e tentárase buscar unha alternativa.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 12:55h.

A xerenta

O presidente da Xunta de PTXAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Carlos Mollinedo Lois